

NON VOU CON ASTRONAUTAS

Obra para 4 actrices

Gustavo Ott ©1993

Trad.: A. Casal ©2010

® TODOS LOS DERECHOS RESERVADOS
Sociedad General de Autores de España-SGAE 64.171
Register of Copyrights, Library of Congress
Sociedad General de Autores de España
Gustavo Ott. Socio: 64.171 Dept. Dramáticos
c/Fernando VI, 4. (28004). Madrid, España. Tel: (34-91) 3499550
Fax: (34- 91) 3102120 Web: <http://www.sgae.es>
Gustavo Ott: gustavott@yahoo.com

Personaxes

ANXÉLICA

MARTIÑA

VALENTINA

ELVIRA

PRIMEIRA PARTE

1.

Imaxes de Amelia Earhart, a primeira muller en voar sobre o Atlántico.

Ruído de avións que despegan.

Aparece anxélica.

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Na tele hai un anuncio que hai dous anos gañou todos os premios "Cleo" á publicidade. Foi realizado por unha talentosísima e xenial creativa chamada Anxélica Siso. (PÍCARA) Ou sexa , eu. (PROFESIONAL) Nel anúnciase un banco de exercicios para queimar graxa e modelar o corpo. Trátase de dúas tomas. A máquina e ao seu lado, un bonito sapo. Pero o segredo de todo isto está nesa enxeñosa e fantástica frase que se me ocorreu: (CON MALA INTENCIÓN) "A distancia que percorremos na vida depende da altura á que estean os nosos ollos do chan". (PAUSA CURTA) Verdade que son estupenda? Ben, a verdade, a idea non é miña, senón da miña amiga Martiña. Pero e que eu son Aries e os Aries, como os pastores, damos a vida polas nosas ovellas. Beeeeeeeeee!

Ximnasio.

Martiña en bicicleta.

Valentina come chocolate.

VALENTINA: Antes de que comecemos, quero dicirche dúas cousas.

MARTIÑA: (PEDALEANDO) Fu... Fu... Fu...

VALENTINA: Queres que che diga primeiro o que pensa o xefe ou prefíres ouvir a opinión dunha verdadeira amiga? Cal cres que é máis importante?

MARINA: Fu... fu... fu...

VALENTINA: Moi ben. O xefe primeiro.

MARTIÑA: Fu... fu... fu...

VALENTINA: O xefe cre que o que tes esta mañá é un colapso nervioso transitorio debido á fatiga que che ocasionou a campaña de Dietas Multiforma. Niso estou de acordo con el.

MARTIÑA: ...fu... fu... fu...

VALENTINA: Queres ouvir agora o que penso eu?

MARTIÑA: Non.

VALENTINA: Moi ben. Non podes deixar a publicidade e converterte en astronauta.

MARTIÑA: (DÁLLE UN PAPEL. ÉRGUESE E CAMIÑA CARA A OUTRA MÁQUINA) Aquí o di.

VALENTINA: É unha historia para idiotas! Temos escrito anuncios como ese en cantidades industriais e sabemos que son merda pura.

MARTIÑA: Maritza Kominsky, nai de tres fillos. Con corenta anos enriba someteuse aos exames e aos catorce meses era a primeira muller no espacio en acender unha vela e cantarlle feliz aniversario a un mono Tití de Tanzania. Hoxe figuran, ela e o mono, no libro Guinness dos Récords e na praza da súa vila hai unha estatua co seu nome, apelido e señas...

VALENTINA: Inventamos esa merda para vender lixo a todos os imbéciles do país. Pero nunca o cremos.

MARTIÑA: En Tanzania dúas avenidas e unha vila levan o nome do mono.

VALENTINA: Xamais comprei un produto que ti anunciaras, Martiña. Nin sequera compro os que anuncio eu. A verdade é que nin sequera sei cales produtos anuncio!

MARTIÑA: Ernestina Weimar, ama de casa, casada, divorciada, casada de novo, divorciada outra vez e volta a casar. Tres fillos, un en cada movemento. Dous intentos de suicidio. Gato. Can e débedas. Sabes quen é hoxe?

VALENTINA: Os produtos que anuncio tíroos polo retrete. Os cans famentos bótanos á lixeira onde os voitres os olen e morren pola baixa calidade das preas que anunciamos.

MARTIÑA: Récord de permanencia orbitando a lúa e vendo a televisión ao mesmo tempo. Orbitando a lúa e vendo a 2ª!

VALENTINA: Ningunha delas existe, Martiña. Non é certo. É publicidade. Recorda. Publicidade. Non é verdade.

MARTIÑA: E Amelia Earhart? A primeira muller en voar ao través do Atlántico. Quixo entrar na eternidade e voou cincuenta mil quilómetros, dezanove países, cinco continentes e tres pasos polo Ecuador sen paracaídas nin radio. Dúas películas e cinco cancións adicadas á súa vida. Tampouco existe?

VALENTINA: (VE O ANUNCIO DE PRENSA) Se ten película, entón é verdade.

MARTIÑA: Desapareceu no Pacífico e con perderse inspirou doce libros e unha serie de cómics. (DEIXA DE PEDALEAR. FRONTE A VALENTINA) Onte á noite, antes de deitarme, antes de por a miña emisora 91 FM hits 100; antes de durmirme pensando nos meus 120 quilos e antes de repetirme o rosario adicado ao milagre de baixar de peso, ir

ao ximnasio e comer menos, mirei pola fiestra.

VALENTINA: Mira quen asina o anuncio! Anxélica Siso.

MARTIÑA: E vin a lúa, Valentina. Vin a Lúa. Cuarto minguante. E de súpeto...

VALENTINA: Nunca traballaría nesa fedorenta axencia de Anxélica nin polo triplo do que gaño agora!

MARTIÑA: ...Pasou o avión de Amelia Earhart dicíndome: "E ti: por que non?"

VALENTINA: "Por que non?". Ben, pódoche dar trescentas corenta e sete razóns, pero confórmome con dúas. Unha: estás pasada de peso.

MARTIÑA: E dúas?

VALENTINA: Estás pasada de peso.

MARTIÑA: É a mesma razón.

VALENTINA: Estás tan gorda que ocupas dúas razóns.

MARTIÑA: Valentina, quero que saibas algo que nunca lle dixera a ninguén.

VALENTINA: Martiña: sei todo sobre ti. Non tes segredos comigo. Recorda que te coñezo dende hai cinco... non... sete días.

MARTIÑA: En sete días apenas nos vimos tres veces e díxenche dúas ou tres cousas nada máis.

VALENTINA: Por iso. Xa non tes segredos comigo. Que máis puido sucederlle a unha muller coma ti?

MARTIÑA: Moito. Moitas cousas. Suceden cousas insólitas en menos de tres segundos e por suposto sucédenche moitísimas máis en toda unha vida de 24 anos, dous maridos e cento vinte quilos.

VALENTINA: Vale, vale, vale. Cal é o teu segredo?

MARTIÑA: Prometes non dicirillo a ninguén? (MARTINA XURA COA MAN ESQUERDA E OS DEDOS CRUZADOS)

(NESE MOMENTO O RUÍDO DA XENTE DO XIMNASIO PARA. TODOS A

MIRAN)

MARTIÑA: Eu antes non era gorda.

(DESILUSIÓNANSE TODOS E VOLVE O RUÍDO NORMAL DE TODA A ESCENA)

VALENTINA: Entón viuche por vocación.

MARTIÑA: Estudaba ballet e empecei a engordar. Non puideren seguir. Perdéronse os cartos e vin chorar á miña nai. Non por min, senón polos cartos perdidos.

VALENTINA: E de onde queres a bágoa? Deste lado ou deste?

MARTIÑA: Non rías.

VALENTINA: Non río. Búrlome. Que estiveches na escola de danza, a gordura, o divorcio da túa nai, os cartos...? Iso é merda. Unha, cando di esas cousas ten que meditar transcendentalmente e preguntarse: Que coño estou dicindo? CAL É O PROBLEMA? Que ten que ver toda esa merda con agora? Eh? EH? Agora es ti, ti, ti, ti, ti. Es publicista. Vendes cousas. Estiveches tres veces a punto de gañar o Premio Cleo. Fálase de ti.

MARTIÑA: Para foderme.

VALENTINA: Falan. Tes notas excelentes. Un pos grado en EEUU. Falas cinco idiomas.

MARTIÑA: Todos mortos.

VALENTINA: Como?

MARTIÑA: Latín, grego antigo, esperanto e arameo.

VALENTINA: Catro, e o outro? Francés?

MARTIÑA: Braille. O dos cegos.

VALENTINA: O teu problema é que ves moita televisión mentres o teu corazón se mantén intacto.

MARTIÑA: O meu corazón está feito unha merda, Valentina. Non fales do meu corazón. Nin sequera eu falo del. Está fóra de servizo na vida. Non lle gusta ser tema de conversa. O meu corazón non quere saber nada do mundo. Está pechado no seu cuarto, coa chave pasada e a música a todo volume.

VALENTINA: Por que abandonar a túa carreira e adicarte á astronomía?

MARTIÑA: A ser astronauta.

VALENTINA: Ben, iso.

MARTIÑA: Quero ser como Amelia Earhart, perderme e ser lenda.

VALENTINA: E por que non te perdes e es lenda aquí?

MARTIÑA: Quero transcender.

VALENTINA: Non me fodas!

MARTIÑA: E conseguir a eternidade.

VALENTINA: Non te creo! Non pode ser!

VALENTINA: Os astronautas son unha escusa.

MARTIÑA: Xa pensarás distinto cando me vexas pisando Marte e enterrando bandeiras-.

VALENTINA: Non se deixa todo o que tes por facer de Dona Spock en Viaxe ás Estrelas. Canto podes gañar ao ano nisto dos argonautas?

MARTIÑA: Astronautas. E o diñeiro non o é todo, Valentina.

VALENTINA: Nin o prestixio, nin o éxito, nin o poder, nin a admiración, nin as comodidades. Non, nada diso, é importante. Vale, entendo. Queres finxir que tes alma? Ben. Finxe. Pero non me veñas co conto da rúa co teu nome, a lúa e os desexos de flotar no espacio como unha Nova virxinal. No teu caso, unha supernova.

MARTIÑA: Non podes entenderme.

VALENTINA: Viches un anuncio para mulleres sen oficio que queiran pagar vinte mil dólares para converterse en argonautas.

MARTIÑA: Astronautas!

VALENTINA: Non ten sentido, Martiña. Non o ten. Esas cousas non suceden.

MARTIÑA: Dende cando non ves a televisión?

VALENTINA: Dende que fago publicidade, saio con cinco homes ao mesmo tempo e sempre digo que si.

MARTIÑA: Nada ten significado cando o día non se divide en horas, senón en comidas. En programas. En canais.

VALENTINA: Volve á axencia. Pídocho eu.

MARTIÑA: Por que?

VALENTINA: Porque o xefe di que es un xenio. E que sen ti, a guerra con Anxélica Siso está perdida. Ademais, podes gañar o Premio Cleo deste ano e a medalla nas olimpíadas.

MARTIÑA: E o espacio exterior?

VALENTINA: Que espere, Martiña, que espere. Total, o universo estivo aí case sempre e non se vai disolver porque ti non vaias este ano. Ademais, se volves á axencia, eu mesma inscribome na Guerra das Galaxias IV e acompañote a Xúpiter, que segundo Elvira é o meu planeta do Zodíaco e seguramente teño familiares alí. Volve á axencia. Aínda que sexa por min. Pensa nos meus fillos.

MARTIÑA: Non tes fillos!

VALENTINA: Adoptareinos se é necesario!

(SOA O MÓBIL DE VALENTINA)

VALENTINA: É o xefe... (AO TELÉFONO) Si... téñoa aquí... Non, non se foi en foguete.... (A MARTIÑA) Di que se queres coller o día libre non hai problema. Se son dous días, tampouco. Unha semana, pode falarse. Pero se é en serio, se estás decidida a irte, se o que queres é romper con todo e comezar unha nova vida, entón é capaz de darche quince días de vacacións pagadas. Pero nada máis.

MARTIÑA: Síntoo... non podo.

(FAI EXERCICIOS)

VALENTINA: (AO MÓBIL) Di que si, que colle os quince días e que nin sequera tes que pagarlos... (PAUSA) En dúas semanas volverá como nova.

MARTIÑA: Fu... fu... fu...

VALENTINA: Vale. (PECHA O MÓBIL) Ven.

MARTIÑA: Fu... fu... fu...

VALENTINA: Invítote a un xeado.

MARTIÑA: (DEIXA DE PEDALEAR) O último antes de irme á lúa. (MÍRASE) En cinco minutos rebaxei dous quilos.

VALENTINA: Martiña?

MARTIÑA: Si?

VALENTINA: Dime unha mentira.

MARTIÑA: Unha mentira?

VALENTINA: A máis grande de todas.

MARTIÑA: Moi ben: non deixo a axencia polos astronautas. (PAUSA) Voume porque Anxélica Siso ofreceume o mesmo contrato máis 150.000 para a campaña. Ou sexa... Que se foses a miña amiga de verdade, viríaste con Anxélica. Polo dobre do que gañas nesa merda.

VALENTINA: (ATERROIZADA) E o mono de Tanzania?

MARTIÑA: Cágome nel.

VALENTINA: Ai, Deus. Que forte!

2.

Anxélica, con pizarra, xiz e gráficos.

ANXÉLICA: A industria da dieta gasta 33 mil millóns de dólares anuais en publicidade. O 75 por cento das persoas entre 26 e 45 anos pensan só nunha cousa. Que están gordas. Mesmo as máis raquílicas cren que están engordando e que perderán a figura para sempre.

(LUCES. OFICINA DE ANXÉLICA. AO SEU LADO, MARTIÑA E VALENTINA)

A campaña ten como base entrevistas con xente de verdade. Cámara oculta, confesións gravadas. Miserables e destruídos que darían todo por ter outro corpo. Xigantescas bólas de graxa e celulite aboiando en imaxes conmovedoras, como de guerra, para que a clase media chore. Pobreza- gordura. Riqueza-beleza. Xente con bágoas nos ollos, vendo as fotos do pasado recente; o infelices que eran antes de comezar a nosa dieta marabillosa o noso fantástico programa de exercicios. Onte xente horrorosa, hoxe modelos de Vogue. Para empezar, pensei que toda a campaña debe ter unha imaxe común, unha especie de mascota. E esa mascota, señores, é un sapo. Un sapo. O noso produto e ao seu lado, un sapo. "Vostede parece un sapo, señor consumidor. Se vostede non fai exercicio, se vostede non come produtos light, vostede non é máis que un sapo. Un sapo feo, verde e cunha papada descomunal. Algunha pregunta?

Anxélica dá a volta e sae.

Ximnasio. Elvira fai exercicio. ao seu lado, Martiña.

MARTIÑA: Con quen saes agora?

ELVIRA: Co meu ex.

MARTIÑA: Outra vez?

ELVIRA: Non é o mesmo ex. É outro.

MARTIÑA: Outro? Que fai?

ELVIRA: É Tauro.

MARTIÑA: Si, pero que fai?

ELVIRA: É Tauro, cariño. Ten á Lúa do seu lado. Non necesita facer nada, todo lle ven enriba.

MARTIÑA: Pero cal é a súa profesión?

ELVIRA: Ningunha.

MARTIÑA: Algo fará.

ELVIRA: Fai diñeiro. Non sei como. Faime rir. É Tauro, ascendente Piscis. Ocorrentes. Volubles. Raros.

MARTIÑA: Non podes deixar de moverte e falar como unha persoa normal aínda que sexa só por un instante?

ELVIRA: Un instante? Estás tola? Un instante é algo así como cinco minutos e cinco minutos son (SACA A CONTA NA CALCULADORA DA MÁQUINA) 2.37 gramos.

MARTIÑA: Por cinco minutos non vas engordar dous quilos.

ELVIRA: Nunca se sabe, Martiña, nunca. Podes estar pensando, vendo a televisión,

falando coa túa mellor amiga e de súpeto, Zas!, es unha gordecha na rúa. Búrlate, pero no meu oficio, dous quilos son a morte..

MARTIÑA: Elvira, es avogada... Non tes oficio.

ELVIRA: Podería ser publicista. Teño ideas magnificas.

MARTIÑA: Ter ideas non é o mesmo que vender un produto.

ELVIRA: Utilizas todo o que che digo.

MARTIÑA: Doulle forma.

ELVIRA: A do sapo copiáchela igual.

MARTIÑA: Agora é de Anxélica.

ELVIRA: Debería ir presa por plaxio.

MARTIÑA: No noso negocio o xefe sempre é o xenio.

ELVIRA: Pero é que, claro, con esa panza de vendedora de rixóns que despregas con tanto orgullo, dificilmente crerán que es capaz de ter algunha idea.

MARTIÑA: Non sexas cruel, fago o que podoo.

ELVIRA: Quizais teñas unha enfermidade, chica, algo na mente.

MARTIÑA: O meu psicólogo di que ten que ver co sufrimento. Non sufro dabondo. A xente que sofre adelgaza.

ELVIRA: Como se nota que o teu psicólogo non é muller!

MARTIÑA: Non ten que ver.

ELVIRA: Canto tempo hai que non se namora?

MARTIÑA: Está casado e ten sesenta e cinco anos.

ELVIRA: Enténdoo todo. O pobre está doente das ganas que ten de deitarse cunha gordecha.

MARTIÑA: É un home moi serio.

ELVIRA: Pero o seu inconsciente apesta. Que signo é?

MARTIÑA: Capricornio.

ELVIRA: Bestas. Non fan outra cousa que asasinar aos demais cos seus bos consellos.

MARTIÑA: Cristo era Capricornio.

ELVIRA: E xa ves. Crucificárono por falador.

MARTIÑA: Que queres que faga?

ELVIRA: Cambiar de psicólogo.

MARTIÑA: Iso non se pode facer.

ELVIRA: Por que non? Eu cámbioos como se fosen canais da televisión.

MARTIÑA: Suponse que esa é unha decisión inmadura.

ELVIRA: Inmadura pero contenta.

MARTIÑA: E tola.

ELVIRA: E gorda.

MARTIÑA: Elvira, por favor, non me infernalices.

ELVIRA: Infernalizar? E iso que é?

MARTIÑA: É unha palabra que vin nun anuncio brasileiro.

ELVIRA: Quizais a graxa che subiu ao cerebro. ou peor, tela na linguaxe. As túas palabras convertéronse en repoludas tamén.

MARTIÑA: Levo oito anos intentando adelgazar. Pasei por 35 tipos distintos de dieta. Ximnasio, abdominais, liposucción, submarinismo, faixa, crema de alga, concentración astral, avea, dobre personalidade, comida preparada, control mental, hipnose, trote, psicanálise e dentro de pouco, espiritismo. Que máis queres que faga? Natación sincronizada?

(ENTRA VALENTINA CORRENDO)

VALENTINA: ...Chegou á oficina. Preguntou por Anxélica. Díxenlle que non estaba. Despois preguntoume quen era eu. Díxenlle " Ola, son Valentina. Son a nova directora creativa.. asistente..." "Asistente" -dixo- E botouseme enriba !

MARTIÑA: De quen estás falando?

VALENTINA: Do marido de Anxélica.

ELVIRA: O marido!

(TODO O XIMNASIO PRESTA ATENCIÓN)

MARTIÑA: Que fixeches?

VALENTINA: Nada. Só dixen “Chámome Vale”. E Zas! Man por aquí, man por alá. A lingua. Non esquezo a lingua. Longuísima.

ELVIRA: Nin sequera berraches.

VALENTINA: Tiña a lingua dentro.

ELVIRA: Entón?

VALENTINA: Entón, cando xa estaba a punto de quedar sen alento, cando me poñía morada e o meu corazón deixaba de bater, entón soltoume. Pasou a man polo pelo. E chao. Esfumouse pola dereita.

ELVIRA: Preguntácheslle o seu signo?

VALENTINA: Primeiro día de traballo. Eu emocionada por estar con Anxélica, a quen admiro dende hai tanto tempo, unha muller de talento e cunha vida tan envexable. Casa, marido. Ti sábelo. E despois entra o seu marido e faime isto.

ELVIRA: Que pode significar?

MARTIÑA: Que se quere deitar con ela.

ELVIRA: Nun plano máis astral.

MARTIÑA: Que se quere deitar con ela en Saturno.

VALENTINA: Sabes o que me dixo?

MARTIÑA: Díxoche algo?

ELVIRA: Non se esfumara rapidamente?

VALENTINA: Iso foi un dicir.

MARTIÑA: Que dixo?

VALENTINA: Non cho podo dicir. É un segredo.

MARTIÑA: Entón para que preguntas?

VALENTINA: É que non cho podo dicir.

MARTIÑA: Non mo digas.

VALENTINA: Pero é tan importante!

MARTIÑA: Morres por falar. Dio, gorda.

VALENTINA: Nunca!

MARTIÑA: Está ben. Se é un segredo, é mellor que non o digas.

VALENTINA: Vale. Se me presionas así, sen piedade ningunha, contareicho todo.
(LÉVAAS A UN LADO. EN SEGREDO.) Vanche ofrecer unha nova axencia. Unha nova compañía. Autonomía, presuposto, préstamo bancario millonario. Todo legal. Es o que se chama un investimento. O teu talento pode cotizar en bolsa. Iso dixo.

MARTIÑA: E enteirácheste de todo iso cun apertón, unha lingua e un magreo?

VALENTINA: Contoumo rapidiño.

MARTIÑA: Unha axencia para min?

VALENTINA: Unha pequena.

MARTIÑA: E?

VALENTINA: E que?

MARTIÑA: E ti?

VALENTINA: Todo depende.

MARTIÑA: Depende de que?

ELVIRA: Dos seus encontros co marido de Anxélica.

VALENTINA: Fruti cre que debo estar coas dúas.

MARTIÑA: Coas dúas?

ELVIRA: Quen é Fruti?

VALENTINA: O marido de Anxélica

ELVIRA: Deuche un toque técnico e xa lle chamas Fruti? Como lle vas chamar cando che faga a revisión completa? Tutti Frutti?

VALENTINA: Tutti Frutti díxome que Anxélica quere que eu sexa "Administradora Xeral". Algo así como a túa man dereita.

MARTIÑA: Son zurda.

VALENTINA: Por iso. Faralo?

MARTIÑA: Non o sei.

VALENTINA: Teño que saber. Si ou non?

MARTIÑA: Non son boa tomando decisións. Teño que ver.

VALENTINA: É como... é como... como os bolos. Tes que poñerte birolla para tomar os bolos. Vendo non fas nada. Que cres, Elvira?

ELVIRA: Que debes pensalo.

VALENTINA: E quen lle pediu opinión a este lagarto desnutrido? É a oportunidade da nosa vida. Moito traballo e responsabilidade... Como ir á Lúa. Exacto. Mellor que ir á Lúa.

(APARECE ANXÉLICA)

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) O mellor para conservar a liña, a única dieta posible, o mellor dos exercicios; o poder...

VALENTINA: Si ou non?

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) ...E a ambición.

VALENTINA: Ademais, vanche dar o Premio Cleo.

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Pero, sobre todo, a vaidade.

ELVIRA: É o anzol.

ANXÉLICA: Quen é esta parva?

MARTIÑA: Ti non entendes, Elvira, porque non es publicista. Pero no noso medio o Cleo é como... como a eternidade. (A ANXÉLICA) Que teño que facer?

ANXÉLICA: (COS DOCUMENTOS LISTOS) Asinar os papeis, pedir o préstamo ao banco, asociarte, poñer as túas ideas. En menos dun mes parecerás o que che dea a gana.

MARTIÑA: Viaxar a Marte era moito máis doado...

ANXÉLICA: Si, pero en publicidade chegas máis alto.

(ANXÉLICA E MARTIÑA SAEN)

VALENTINA: Que che parece?

ELVIRA: Que non es boa man dereita.

VALENTINA: Non, iso non. Saio co tipo ou non?

ELVIRA: Con quen?

VALENTINA: Co marido de Anxélica.

ELVIRA: E enganala?

VALENTINA: Non. Non llo vou dicir.

ELVIRA: Refírome a xogarlle sucio.

VALENTINA: Sempre lavo as mans e báñome antes de saír da casa.

ELVIRA: Valentina, sabes unha cousa?

VALENTINA: Que?

ELVIRA: O que máis me preocupa de todo isto?

VALENTINA: De Martiña e a nova axencia?

ELVIRA: Non.

VALENTINA: Que saia cun tipo casado.

ELVIRA: Non.

VALENTINA: Casado con Anxélica? (NEGA COA CABEZA) O medio ambiente, a inmigración ilegal, o desemprego, o fin dos cosméticos.

ELVIRA: Non, nada diso.

VALENTINA: Ríndome. Que che preocupa?

ELVIRA: Que Martiña é Pisces

VALENTINA: E?

ELVIRA: E ti, Saxitario.

VALENTINA: E que ten que ver?

ELVIRA: Que non son compatibles

VALENTINA: Pois é a miña mellor amiga. Adeus.

ELVIRA: Ai! Cada vez entendo menos o zodíaco.

3.

Anxélica, ao lado do teléfono.

ANXÉLICA: A min gustaríame ser máis coma eles... gústame como deixan de querer. Discutir en voz alta, bater, facer importantes as cousas imbéciles como o fútbol ou a cervexa. Que vivan contigo, pero que te deixen soa. Un luns pola tarde cheguei a ter no meu contestador telefónico vinte chamadas de distintas persoas que me necesitaban urxentemente. Pero ningunha preguntaba, Anxélica como estás? ou Anxélica como te sentes? Necesitas algo? Tratábase de chamadas profesionais. E estaba ben porque nese momento nada me importaba máis que a profesión. E que pasou? Ben, quedei preñada. Perdín todos os privilexios e atencións. De estar catalogada como Executiva A-1, lista para viaxes, contactos e promoción pasei a ser empregada C-3, grampada a un escritorio, sen vacacións, case unha secretaria. Tiven que dar clases na universidade, imaxínaste a humillación, CLASES na Universidade. Ata que rebentei. E decidín ser coma eles. Entón, saín do embarazo e todo volveu á normalidade. Unha muller coma min dando clases? XAMÁIS! E é que, tarde ou cedo tes que decidilo. Porque digan o que digan, lóitese o que se loite, sempre acabas enfrontada a este problema. Por iso a min gustaríame ser máis coma eles. Discutir en voz alta, bater, facer importantes as cousas imbéciles como o fútbol ou a cervexa. Gústame como deixan de querer.

Bolos. En escena, Anxélica e Valentina.

ANXÉLICA: Valentina, cariño, cariño, cariño, pero se estás igualiña. (ENTRA CON PELOTA DE BOLOS) Eu xogo aos bolos dende pequena. (AO PÚBLICO) Agora, vaime adular.

VALENTINA: Es tan boa en todo.

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Ven?

VALENTINA: Que pelota me recomendas?(COLLE UNHA BÓLA AZUL) Creo que esta está ben. No é moi pesada.

ANXÉLICA: É de cores

VALENTINA E que? Non é profesional.

VALENTINA: Non son profesional.

ANXÉLICA: Pero debes parecelo.

VALENTINA: Moi ben. Parecerei. Pero cando xogue non vou convencer a ninguén. Nin sequera sei onde van os dedos.

ANXÉLICA: Nos ocos.

VALENTINA: Pero só hai tres. Teño cinco dedos.

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Faise a parva ou é realmente imbécil? (A

VALENTINA)Adoro este xogo, Valentina. E sabes por que? Porque para gañar non podes ter os ollos demasiado abertos. De feito, nalgún momento, tes que intentar poñerte birolla.

VALENTINA: (AO PÚBLICO) Vaime sacar os ollos polo do seu marido.

ANXÉLICA: E iso é como a publicidade, cariño. Porque a publicidade é estar no ar, nos medios, movéndote con forza, con xestos áxiles, tomando decisións. E ás veces, nalgúns momentos, hai que poñerse birolla para gañar. Nós somos o instrumento, cariño, somos os que pechamos os ollos para abríllos ao consumidor. Somos a empresa pero tamén

somos o cliente; somos o produtor e somos o medio....

VALENTINA: (FRASE FEITA) O medio é a mensaxe.

ANXÉLICA: Pero sen competencia, non habería desexo. Entendes? Competindo...

VALENTINA: Iso, competindo...

ANXÉLICA: Como polo soldo ou... polo Cleo. E iso fago cando xogo aos bolos. Penso que a bóla é como o Cleo. (COLÓCALLE A BÓLA NAS MANS) Imaxínaste cun Cleo nas mans?

VALENTINA: Non, non mo imaxino.

ANXÉLICA: E a Martiña?

VALENTINA: Ela si. Ela terá moitos. É a mellor.

ANXÉLICA: E ti que queres?

VALENTINA: Cando?

ANXÉLICA: En todo. Na vida.

VALENTINA: Na vida. Guau! A vida é como moito.

ANXÉLICA: Que queres?

VALENTINA: Ben, eu sinto, así, como se ás veces fose como Martiña. E poder dicir cousas máis importantes das que estou dicindo. Como... eh... Como querer ir á Lúa. Ou escribir. Gustaríame escribir algo que non fose publicidade.

ANXÉLICA: Algo como que?

VALENTINA: Quero dicir, de súpeto estar nalgún sitio, un bar, e coller un pano de mesa e moi inspirada escribir sentimentos ou historias. Escribir unha idea magnífica, un conto ou unha novela. E ser recoñecida e gañar...

ANXÉLICA: E gañar un premio?

VALENTINA: Si, un premio.

ANXÉLICA: Como o Cleo?

VALENTINA: Como o Cleo ou así.

ANXÉLICA: Nada é imposible. É como xogar hoxe aos bolos comigo. Eu teño moita experiencia, veño case todas as semanas, teño un instrutor privado. E no teu caso, esta é a túa primeira vez. E con todo, podes gañar. É a túa primeira vez, pero podes gañar.

VALENTINA: Imposible!

ANXÉLICA: Se eu quero, podes. Se me poño birolla, se ti te pos birolla, se xogamos en parella, se te atreves a estar coa máis forte. En equipo. Así podes gañar. Gústache gañar ou non che importa?

VALENTINA: Gustaríame gañar.

ANXÉLICA: Ben, agora escóitame ben o que che vou dicir: na nova axencia necesitamos alguén coma ti para que sirva de enlace, de medio con Martiña e connosco.

VALENTINA: Enlace?

ANXÉLICA: Algo así como unha Coordinadora Xeral. Soldo, viaxes. Facer informes, levar un diario... Ver como Martiña fai as cousas.

VALENTINA: Como fai as cousas.

ANXÉLICA: Informar, para axudala nos seus problemas. Xa sabes como son os xenios. Un papel aquí, outro alá, esquecen asinar un cheque e pásaselles apagar a luz de noite e despois métense en leas.

VALENTINA: Pasar información... como... eh... espiala.

ANXÉLICA: Esa é unha palabra que non forma parte do xogo, Valentina. Concéntrate na bóla. Diciache: facer informes, asinar papeis, contas bancarias extras, cousas de oficina que ela non debe ver.

VALENTINA: Non debe ver...

ANXÉLICA: Que ela non sabe ver, quero dicir. Refirome a que necesitamos alguén de confianza con quen ela poida falar. E nós tamén. E esa es ti.

VALENTINA: O que ela me di, dicircho a ti.

ANXÉLICA: Pasar os datos...

VALENTINA: Ou sexa, algo así como traizoala.

ANXÉLICA: Nin que estivésemos nunha telenovela!. Traizoar. Que parvadas se che ocorren! Trátase de colaborar. E despois, como son as cousas neste oficio, ata un premio Cleo poderías gañar.

VALENTINA: Eu nunca traizoaría á miña mellor amiga por un premio.

ANXÉLICA: Valentina, ti venderías á túa nai por ter ese premio.

VALENTINA: Canto me darían por mamá?

ANXÉLICA: A inmortalidade.

VALENTINA: Eu quería ser poeta.

ANXÉLICA: E eu tenista.

VALENTINA: (COLLE A BÓLA) Axúdasme?

ANXÉLICA: Para iso estou. Para axudarte, cariño.

(ENTÓN, ANXÉLICA COLLE A PELOTA E COLOCA AS SÚAS MANS SOBRE AS DE VALENTINA.. ANXÉLICA ATÁCAA COMO SE FOSE UN TIGRE SOBRE A SÚA PRESA. VALENTINA ENTRÉGASE)

ANGELICA: Empurras a bóla e lánzala con forza exactamente sobre o sinal.

(VALENTINA FAINO. ESTRONDO DE BOLOS)

VALENTINA: (BERRA, ABRÁZAA) Strike!!!

ANXÉLICA: Felicidades! (AO PÚBLICO) Detesto aos principiantes.

4.

VALENTINA: (AO PÚBLICO) A miña primeira traizón foi aos catorce anos e fixenlla á miña irmá. Faláranos da eternidade. Que a eternidade era como cando tomas a túa primeira pastilla anticonceptiva e cres que a vida comeza nese momento. E que non acabará nunca. A miña irmá conseguiu as pastillas e pediume que as tomásemos xuntas. Pero esa noite fixen que o meu pai as atopase no caixón da mesiña do seu dormitorio. Por que? Non o sei. E así, inspirada por ser a primeira e polos berros que daba a miña irmanciña mentres papá a cosía a golpes, eu, botelliña de auga mineral en man, suspirei tres veces, pechei os ollos e tomeina. A quen lle importa unha irmá?, pensei. Ou mellor, a quen lle importas se non es a primeira? Adoro as traizóns. Son tan atractivas e vergoñentas e sensuais, verdade? Porque eu creo que, se nunca traizoaches a ninguén, seguramente morrerás de cancro. Ou do corazón. Ou dun tumor. Ou de fungos nos pés. Porque a traizón é o que fai mover o mundo.

(TOMA A PASTILLA. RÍ) Por certo, a pastilla tomeina para nada, porque finalmente, o tipo non puido, a miña irmá deitouse co seu á semana seguinte, e fun virxe cinco anos máis!

Entrega do Premio Cleo. Música de festa.

Voces de xente.

En escena, Elvira e Martiña sentadas a unha mesa.

ELVIRA: Non podo crelo!

MARTIÑA: Así é.

ELVIRA: Filla de puta!

MARTIÑA: É o seu traballo.

ELVIRA: Non cres que é unha filla de puta?

MARTIÑA: Ben, a xente que rouba ideas é, en xeral, eh... si, filla de puta.

ELVIRA: Non só che roubaron a idea do sapo, que xa era miña, senón a outra idea da muller piloto perdida no océano e con iso dánlle o premio a Valentina. Sabes que o meu novo noivo, o avogado, di que nesta compañía hai algo turbio?

MARTIÑA: Que novo noivo avogado?

ELVIRA: Un novo ex.

MARTIÑA: O Tauro?

ELVIRA: Non, este é Leo. Grrrrrrr! Morde e rabuña. Vaime ensinar uns papeis. Esta xente son mafiosas, Martiña.

MARTIÑA: Elvira, por favor, sorrí como fago eu. Sufre, pero sorrí que nos están vendo.

ELVIRA: SORRIR? Estás tola? Foi a ti a quen foderon. E como é posible que despois do que che fixeron teñas esa cara de idiota?

MARTIÑA: Todos esperan que estea triste.

ELVIRA: Porque ESTÁS triste.

MARTIÑA: En publicidade a tristeza é derrota.

ELVIRA: Ben, entón, querida amiga, estás absoluta e visiblemente derrotada.

(ENTRA VALENTINA, BÉBEDA. TRAE UNHA CÁMARA DE VIDEO)

VALENTINA: Onde está o meu premio? Cantos quilates ten? 18 quilates? Ouro puro. E ten o meu nome? Onde está Anxélica? Onde? (A MARTIÑA) Mira á cámara e responde: Onde está?

(ANXÉLICA DENDE O PODIO)

ANXÉLICA: "Premio Cleo á idea publicitaria máis orixinal do ano para a directora creativa Valentina Guerrero". (A VALENTINA) Ven aquí, tes que dar un discurso.

ELVIRA: (A MARTIÑA) Quizais poidas escribirlle tamén unhas palabras para a audiencia...

VALENTINA: (RECIBINDO O PREMIO) É o primeiro premio que gaño na miña vida. Sei que é unha parvada, pero creo que o merezo. Non? Nunca ninguén falou de min. Nin a miña nai, nin o meu pai, nin a miña irmanciña, a moi porca... Por iso o merezo. Por min, Valentina Guerrero, esa mesma que son eu e que o fixo todo por si mesma sen axuda de ninguén. Ou case ninguén, que igual dá o mesmo, non? (REGÁLANOS UN ARROTO MONUMENTAL) Desculpen. É que estou tan emocionada.

ELVIRA: Era emocionada! E eu que pensaba que estaba borracha!

VALENTINA: (COLLE O SEU PREMIO) Meu Deus, non o creo... (A TODOS) Agora van saber quen son eu!

ANXÉLICA: E dinos, Valentina, a todos: Quen es ti?

VALENTINA: (ATERRADA ANTE A PREGUNTA, DEIXA O PREMIO DIANTE DELA SOBRE O PODIO) Que quen son eu?... Que sei eu! Eu son... eu son... son moita xente. Son o que ti queiras. Son eu. Ou son ti. Son Martiña. Son eles. Son ese que está aí. Son o que son. Son o que non fun. Son o que serei. Eu, a verdade, non sei quen son.

ÓNDE ESTA O MEU PREMIO?

(DECÁTASE DE QUE O TEN DIANTE. CÓLLEO COMO SE FOSE UNHA TÁBOA NO MAR. BÍCAO. DE SÚPETO, VE A MARTIÑA)

Quero que saibas que sei que tamén o mereces e que calquera das dúas puido gañalo. Pero, claro, gañeino eu. EU! Non creas que me sinto superior, ou que crea que chegaches segunda e que eu son a primeira. Porque sei que estas cousas non din nada de dúas profesionais íntegras coma nós. Pero, claro, gañeino eu. Gañeino eu. E ao carallo a integridade!

ELVIRA: (FURIOSA) Mira, nena, voucho dicir eu; o teu anuncio é realmente unha idea de...

MARTIÑA: (EVITANDO QUE TERMINE ELVIRA) O teu anuncio é O MELLOR que se fixo durante todo o ano.

VALENTINA: De verdade?

MARTIÑA: Si.

VALENTINA: Ti cres?

MARTIÑA: Claro.

VALENTINA: Que o meu era mellor ca o o teu?

MARTIÑA: Non hai comparación.

VALENTINA: Máis gracioso, máis conmovedor, máis profesional?

MARTIÑA: O xurado pensou que si.

VALENTINA: E ti?

MARTIÑA: Eu tamén.

VALENTINA: (ESPLOTA DE FELICIDADE) Ouvistes! Dixo que o meu era mellor! E todo está gravado. Inmortalizado para que os meus fillos o poidan ver toda a súa vida e rían e me admiren. Que ti o digas é o que eu necesitaba ouvir. As túas palabras, que ti aceptes a miña vitoria!

(DÁNDOLLE A CÁMARA A MARTIÑA)

Grava o momento no que o teño nas mans, no que o aperto, no que o bico... E coas túas palabras, di que te vencín. E dio con tristura. Dio derrotada. Dio de verdade.

(AO PÚBLICO, EN POSE DE DISCURSO)

Quero agradecer ao xurado e a toda a axencia e en especial a ese talento, a esa mestra, á iluminada, Anxélica Siso por darme a oportunidade de traballar nun mundo tan interesante e único como é o da publicidade. Unha oportunidade que me permite desenvolver o meu talento cos mellores seres humanos do mundo. (APLAUSOS) Nós, os publicistas, (APLAUSOS) encargados de manexar a máis importante de todas as mensaxes no mundo moderno, a mensaxe publicitaria. Pero tamén, hai que subliñar que este ano as favoritas para gañar este valioso premio, foron todas mulleres. (APLAUSOS E ASUBÍOS)

(IMAXES DE AMELIA RECIBIDA EN NOVA IORK)

E este premio de hoxe, que gañei eu por riba de Martiña e outros talentos da industria, é unha demostración do que as mulleres logramos nos últimos anos. É unha demostración de que somos coma eles. Somos como os homes!

(ARROTA OUTRA VEZ. MARTIÑA DEIXA DE GRAVALA)

Desculpen... Pero é que este premio é a eternidade. E faime sentir como Amelia Earhart, a primeira muller en voar sobre o Atlántico. Era piloto e escribía poemas. Coma min, que son poeta. Moi poeta. Creo. (ANXÉLICA DESAPARECE. VALENTINA CHOROMICA UN POUCO. BEBE. SACA UN PAPEL ENRUGADO)

“Vexo paxaros voar

e quero voar tamén

para ver se os anxos teñen tesoiras

para ver como cortan as nubes

para ver se o meu coitelo perdido

se atopa gravitando na lúa”

Que máis podó dicir?

(DÚAS LUCES UNICAMENTE SOBRE VALENTINA E MARTIÑA)

Eh... O medio é a mensaxe, ja ja ja. A mensaxe é a superficie. A superficie é o medio.

(RÍ) Non sei que coño estou dicindo. Pero, creo que o medio é... (ERGUE O PREMIO)

Este ano o medio son eu. Moitas grazas..

ESCURO. IMAXES DE AMELIA. MÚSICA. ESCURO TOTAL. FIN DA PRIMEIRA PARTE.

SEGUNDA PARTE

1.

En escena, Elvira, facendo exercicio.

ELVIRA: Amelia foi a primeira muller en cruzar o Atlántico e por iso tivo a publicidade que ata ese momento estivo reservada aos homes, ás actrices e ás raíñas. Apoiou todas as causas pola liberación da muller, tentou de non namorarse e de chamar a atención con calquera frase e compañía.

Pero Amelia foi unha prisioneira da súa propia publicidade. E cando o seu nome deixou de ser noticia, pensou entón en facer algo extraordinario, algo imposible, algo nunca visto antes: dar a volta ao mundo, sen radio e sen paracaídas. Amelia foi unha heroína porque quería romper todos os récords posibles e probar que unha muller podía facer calquera cousa que fixeran os homes. Ata lle fixeron dúas películas e unha ducia de cancións.

(ÉRGUESE. MÉTESE COCA)

Aínda que me gusta pensar que dicirlle toda a verdade a Martiña foi tamén un acto heroico. Non como os de Amelia, pero si como os meus. Os de Elvira. Ben, ela sóuboo por min. Despois de todo, as mellores amigas estamos para iso, dar opinións que non nos piden e en especial, transmitir as malas noticias como se fosen as peores. E a todo o que dicimos, chamalo “verdade”. Iso: as mellores amigas coma min somos portadoras da verdade. Dio o meu signo. E os astros non menten.

Luces. Ximnasio. En escena, Elvira e Martiña, pedaleando

MARTIÑA: (PEDALEA) ...Hai un taller do karma onde os mestres ensinan basicamente dúas cousas. Unha, os feos non teñen razón. Dúas, as gordas non entran no ceo.

ELVIRA: Si, infernalízanse. Xa mo dixeras. Agora escóitame ben o que che vou dicir: esta situación lévate só a un destino: os tribunais.

MARTIÑA: Que cres?

ELVIRA: Que necesitas un avogado.

MARTIÑA: Refírome ao taller do karma e ás gordas do inferno.

ELVIRA: A ver se me entendes.

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) E a cadela lareta contouno todo.

ELVIRA: Anxélica ten clientes similares de Dieta, como Diet coke e Diet pepsi, por exemplo. Son clientes líderes. Internacionais. Os mellores. Pero son clientes iguais. Dende fóra chégalles a orde: "Firmas para un mesmo produto non poden ser da mesma axencia". É dicir, Coca cola e Pepsi non os pode ter a mesma compañía. Entón, tes que decidirte. Perder un dos dous pozos de petróleo. E non só iso, senón ademais cedelos á competencia.

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Iso nunca.

ELVIRA: Anxélica non o faría. Faríalo ti?

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Esa regalaríalle ata as bragas á competencia.

MARTIÑA: Ben, eu...

ELVIRA: Ti regalaríaslle ata as bragas á competencia.

ANXÉLICA: Iso díxeno eu, plaxiaría!

ELVIRA: Anxélica móvese entón cara ao Plan B e Plan C.

ANXÉLICA: Realmente chameinos “Plan Orquídea” e “Plan Bombón”.

ELVIRA: Divide a súa axencia en dúas compañías; a orixinal, dela e unha subsidiaria. Ou sexa, ti.

MARTIÑA: Non manexo contas líderes, Elvira. Non compito con Anxélica. Somos o mesmo.

ELVIRA: Iso che fixo crer.

MARTIÑA: Estou segura. É a MIÑA compañía.

ELVIRA: Ben, pois a TÚA compañía asina contratos que non podes ver, co teu papeleo e os teus rexistros. Pero os cheques son depositados noutra conta, co nome da túa compañía, nunha conta na que ti non tes firma.

MARTIÑA: E a firma tena Anxélica?

ELVIRA: Valentina.

MARTIÑA: VALENTINA?

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) A traizón. Pregunta a calquera por aí e dirache o mesmo:.. é o investimento máis económico do mercado.

MARTIÑA: Valentina sabe todo isto?

ELVIRA: Dende o principio.

MARTIÑA: É a miña mellor amiga.

ELVIRA: Neste momento a túa mellor amiga son eu. E nin sequera estou moi interesada.

MARTIÑA: (AO BANCO DE EJERCICIOS) Sabes que anuncio este banco de exercicios? Que con esta máquina podes facer máis de trinta exercicios distintos e...

ELVIRA: Se non queres ouvirme, adeus.

MARTIÑA: Vale. Agarda. Non me deixes soa.

ELVIRA: Martiña: non te deixo soa, pero estás soa.

MARTIÑA: E que pasa cos meus clientes, os que eu conseguín?

ELVIRA: Os asistentes que tes traballan as túas ideas, modifícanas e pásanllas a

Anxélica.

MARTIÑA: Espías?

ELVIRA: Si, claro.

MARTIÑA: Filla de puta.

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Ninguén elixe a nai que lle toca.

ELVIRA: Ao mesmo tempo, coas ideas que ti creas, quítanche os teus propios clientes. Pero o problema maior nin sequera é ese... É outro.

MARTIÑA: Outro!

ANXÉLICA: E vaslle contar máis!

ELVIRA: Sucede que Anxélica absorbe lentamente o efectivo e endosa as débedas grandes á túa compañía.... Todos os traballos cancelalos ti, pero o diñeiro entra a Anxélica. Nuns meses farate quebrar, vender baixo e asustar clientes. Logo, probablemente creará outra compañía fantasma, quizais con Valentina de xoguete. E faralle o mesmo. Dous anos así e o negocio terá ganancias ilimitadas. Cero pasivo, todo activo. Por certo, debo dicir que é unha trampa magnífica.

ANXÉLICA: Grazas. Son moi intelixente, iso é o que sempre me dixo a miña nai.

ELVIRA: Un maldito fraude, pero moi ben feito. Produces as ideas, divides o mercado, falo legal e comprométeste co banco, pero os beneficios eventualmente van para outra compañía mentres ti pagas as débedas.

MARTIÑA: Que me pode pasar?

ELVIRA: Quebra e cárcere. Compañías dobres, engano a clientes, fraude bancario, traspaso de contas, testafellos, evasión ao fisco, quebra finxida, plaxio...

ANXÉLICA: Ai, que esaxerada!

MARTIÑA: (DESPOIS DUNHA PAUSA. VOLVE FACER EXERCICIOS) Na eternidade non importa se te ves ben, o importante é que sexas mellor ca os demais. A astronauta Maritza Kominsky...

ELVIRA: POR QUE NON ACABAS CO CONTO DA ETERNIDADE E TODA ESA

MERDA, GORDA RIDÍCULA!!! Non entendes que te teñen a un paso do cárcere, de foderche a vida? Non entendes o máis elemental de todo? Traizóante, úsante, e vante matar porque unha nena coma ti, orgullosa e arrogante, non soporta ver o cárcere nin por televisión. Así que deixa de falar do espacio sideral, que aquí na terra tes problemas ben serios. (MARTIÑA CHORA)

MARTIÑA: Sufrir e baixar de peso. Precisamente o que unha gordecha coma min necesita.

ELVIRA: Pois aquí xa perdiches 130 en 5 minutos, fraca. O teu psicólogo estará feliz. E non me importa que chores. Non me interesa, así que corta xa. E escóitame como avogada, porque como amiga deixei de falarche hai cinco minutos. Tes dúas alternativas: denuncialo todo. Confesar que fuches utilizada, negar que o sabías. Perderás o teu crédito, clientes e terás que volver a comezar dende abaixo. Pero evitarás o cárcere. Ademais, é o correcto. O que debe facerse. O legal.

MARTIÑA: Se fago iso nunca máis traballarei no medio da Publicidade.

ELVIRA: Pois será. Díxenche que tiveses coidado coas Aries. Non tragan contos. Crean e destrúen. Son marcianas e viven do deus da guerra.

MARTIÑA: Quizais poida facerlle a guerra dende dentro.

ELVIRA: Es Pisces. Contra Aries é como unha pelexa entre un elefante e unha bacteria. A bacteria es ti, querida, por se non te deches conta.

MARTIÑA: E a outra alternativa?

ELVIRA: Ir ao cárcere e deixar que se enriquezan á túa costa. (BAIXANDO AS LUCES. PAUSA) Non tes "outra alternativa". Que vas facer? Que vas facer?

MARTIÑA: Irme ao espazo, polos séculos dos séculos...

ELVIRA: Boa viaxe.

MARTIÑA: "Os séculos dos séculos". Ata me mareo cando o digo. Séculos dos séculos.

ELVIRA: Amén.

(ELVIRA SAE. MARTIÑA QUEDA SOA NO ESCENARIO)

2.

MARTIÑA: Esa noite non podía durmir e busquei algo para ler. Non atopei máis que revistas profesionais. Fun á miña biblioteca e decateime de que a tiña chea de libros enciclopédicos, de lombos de recheo, de nada.

A un lado estaba a Biblia e lin un fragmento, algo subliñado. Leron a Biblia algunha vez? Non é tan mal libro. Di cousas interesantes. Pero é moito mellor cando alguén o subliñou, porque pasas rápido polas partes importantes.

“Os homes bos desaparecen. Onde conseguiremos a alguén en quen confiar? Todos os homes enganan, adulan e están cheos de mentiras’.

E pensei: si, ten razón. Pero fala dos homes. Non das mulleres. Non de nós. Nós somos distintas. Entón, sentínme mellor, tomei unha pastilla e quedei durmida. E aínda que xa non soñaba coas mulleres no espacio, esperaba soñar algo fermoso e durmir ben. Entón...

*Ruído de bolos que se mistura con lanzamento de foguetes
e transmisión de torre de control.*

Vemos rapidamente os bolos, o ximnasio, a oficina de anxélica.

Fume.

Ruídos medrando. Logo, silencio.

Queda iluminada a boleira, en penumbra.

AMELIA: (EN OFF. CON INTERFERENCIAS) "...voamos en círculos... non podemos oílos... recibimos o seu sinal, pero non podemos contestarlles... voamos cara ao norte e cara ao sur... voamos cara ao norte e cara ao sur... (RUÍDO DE INTERFERENCIA. ENTRE A PENUMBRA, APARECE VALENTINA, VESTIDA DE AMELIA EARHART, CO SEU TRAXE DE PILOTO DOS ANOS TRINTA)

VALENTINA: Deus é o símbolo do bo.

ANXÉLICA: Deus é pensar ben.

ELVIRA: Deus é identificar o bo en todo.

VALENTINA: E este Deus non é abstracto, é unha forza universal, sempre presente e disposto.

ANXÉLICA: A toda hora...

MARTIÑA: Teño a sensación de que este voo será o meu último voo. Pero xa chegarán outras mulleres, coa mesma convicción: chegar ao ceo ou ao espacio. (VESE NAS IMAXES) Martiña? Martiña? E ti... por que non?

(VEMOS A MARTIÑA VESTIDA PARA A OCASIÓN E CON MAQUILLAXE DE CIRCO, BAILANDO BALLET, MOI GROTESCA)

ANXÉLICA (AO PÚBLICO): Claro, inmediatamente souben que non era un soño, senón a conciencia. A conciencia, que está moi ben, pero que de negocios non sabe nada.

(VALENTINA BAILA CON MARTIÑA)

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) As cousas do inconsciente sempre me pareceron graciosas. Ben, interesantes. Din que o inconsciente é indescifrible, pero a verdade é que o inconsciente non é máis que unha caixa chea de ratas.

(VALENTINA PÁSALLE MARTIÑA A ANXÉLICA. BAILAN)

VALENTINA: Soñar esa noite con Martiña, Anxélica, e Amelia fíxome pensar que ao día seguinte, ao espertar, atoparía algo para min. Algo que non pode agardar e que ven por min. Que queres que suceda agora, Martiña?

MARTIÑA: Non o sei!

VALENTINA: Podo facer o que desexes. É o meu soño.

MARTIÑA: Eu pensei que era o meu soño!

ANXÉLICA: Deixádevos de parvadas porque a que estaba soñando era eu. A ver Martiña, dime, que é o que queres?

MARTIÑA: Irme ao espacio e á eternidade.

(ANXÉLICA PÁSALLE MARTIÑA A ELVIRA, BAILAN)

ELVIRA: Benvida ao meu soño, querida Pisciana. Dime: Que é o que che pasa?

MARTIÑA: Que sufro para adelgazar.

(ELVIRA TÓCALLE AS NÁDEGAS E OS PEITOS A MARTIÑA)

ANXÉLICA: Isto parece un soño erótico!

(ELVIRA PÁSALLA A VALENTINA QUE TAMÉN A TOCA LASCIVAMENTE.

MARTIÑA BERRA DE DOR. ANXÉLICA CÓLLEA, E TAMÉN A TOCA. PERO MARTIÑA SENTE UNHA DOR MOI FORTE)

ANXÉLICA: Martiña... Dóече? Dóече Martiña? Por que tes esa dor no estómago? Por que che doe o estómago, Martiña? Martiña... esas pastillas que tomaches... Foi unha ou foron moitas? Que querías? Suicidarte? Ben, é mellor que espertes, Martiña, porque non estás soñando. Estás morrendo, Martiña. Non estás soñando. Estás morrendo, Martiña...

VALENTINA/ELVIRA: (SIMULTÁNEA COA ANTERIOR)“...voamos en círculos...

non podemos oílos... recibimos o seu sinal, pero non podemos contestarlles... voamos cara ao norte e cara ao sur... voamos cara ao norte e cara ao sur..." (A DOR FAISE MÁIS FORTE)

ANXÉLICA: Con tantas pastillas o teu estómago vai reventar. (MARTIÑA BERRA. TODAS AS DEMAIS DESAPARECEN. MARTIÑA VOMITA.)

MARTIÑA: Meu Deus! (VOMITA. BERRA) MORRO! Necesito ir ao hospital!

3.

ANXÉLICA: Din que a xente que ve a morte e escapa dela, logra realizar os seus soños. Quizais lle atopen un sentido á vida que o resto só poderemos ver cando sexa demasiado tarde. Martiña recuperouse do seu intento de matarse. E á semana, pedinlle que nos vísemos na boleira, para ofrecerlle un pacto. Para ofrecerlle unha retirada digna. Pero nese momento e nin sequera agora que todo pasou, puiden imaxinar o que esa gorda maldita sería capaz de facer.

boleira.

ANXÉLICA: Pedinche que nos encontrásemos nun sitio aberto para que non tiveses medo. Aínda que esta boleira é para botarse a tremer. (SON DE BOLOS) Impresionoume o que fixeches coas pastillas... Sabes que esa noite soñei contigo?

MARTIÑA: A conciencia, seguramente.

ANXÉLICA: O que sexa. Quero ofrecerche un trato.

(MARTIÑA ESCOLLE UNHA BÓLA E XOGA):

ANXÉLICA: Salvo a túa compañía. Saneámola. Volvemos ao formato anterior: traballas con autonomía, pero dentro do sistema. Comigo.

MARTIÑA: E eu que teño que facer?

ANXÉLICA: (XOGA) Esquecelo todo.

MARTIÑA: Así?

ANXÉLICA: Claro.

MARTIÑA: E Valentina?

ANXÉLICA: É prescindible.

MARTIÑA: Botaríala?

ANXÉLICA: Ela non importa.

MARTIÑA: Gañou un Cleo.

ANXÉLICA: Un premio para alguén que logo desaparece non é nada novo. Non todos se recuperan do éxito. Ademais, sabemos que o premio merecíalo ti, que esa era a túa idea, dende o sapo, todo foi teu. Prométoche o próximo premio. Estamos?

MARTIÑA: Sabes con quen soñei eu esa noite?

ANXÉLICA: Que?

MARTIÑA: Adiviña con quen soñei esa noite mentres morría?

ANXÉLICA: Non sei que ten que ver con ...

MARTIÑA: Soñei con Deus.

ANXÉLICA: Deus?

MARTIÑA: Era Deus. E dicíame: “Os bos desaparecen, Martiña, todos enganan e manipulan. Non queda sinceridade. Onde poderei conseguir a alguén en quen confiar?”

ANXÉLICA: Para que?

MARTIÑA: E díxome: “Antes de facer algo, antes de pensar nas consecuencias, antes de pensar no que queres conseguir na vida, tes que xurarme que farás só o que estea ben. O correcto”.

ANXÉLICA: O correcto para o negocio... Non?

MARTIÑA: O correcto. O ben.

ANXÉLICA: Denunciarme? Ti sabes que non podes...

MARTIÑA: Non me refiro a iso.

ANXÉLICA: Entón, a que te refíres?

MARTIÑA: Vou facer o correcto, o que debe facerse, o que Deus quere que faga.

ANXÉLICA: Vaste meter monxa ou algo así? Dime.

MARTIÑA: No meu soño, Deus...

ANXÉLICA: Soño, que? Que queres dicirme? Fala claro? Que eu saiba Deus non está interesado no meu negocio, nin nos detalles, nos pormenores, ou si? Meteuse agora a publicista? Ademais, como sabes que é El?

MARTIÑA: Anxélica...

ANXÉLICA: Falaches con el, persoalmente, díxocho con esas palabras ou por símbolos.

MARTIÑA: Cando ti...

ANXÉLICA: Que? Que? Que coño estás tratando de dicirme?

MARTIÑA: O correcto.

ANXÉLICA: Martiña, mírame ben: a min que coño me importa o correcto?

MARTIÑA: O correcto é o que está mais preto do ceo, Anxélica. O correcto é máis importante que o recoñecemento ou o prestixio ou os logros materiais. Deus díxome iso e díxome máis...

ANXÉLICA: Máis? E que foi iso? Un sermón de domingo?

MARTIÑA: Faloume da eternidade.

ANXÉLICA: Non me fodas!

MARTIÑA: A eternidade, dixo, é o que está ben. O bo.

ANXÉLICA: E díxoche o que vas facer?

MARTIÑA: Si.

ANXÉLICA: E iso é...?

MARTIÑA: Buscalo.

ANXÉLICA: Á policía?

MARTIÑA: A Xesús.

ANXÉLICA: Deus e iso?

MARTIÑA: Ajá.

ANXÉLICA: Que merda! Estás burlándote de min?

MARTIÑA: El darame a salvación.

ANGELICA: Si, pero e o diñeiro. Díxoche Deus de onde vas sacar o diñeiro para salvarte, para pagar a fianza, os avogados, o xuízo? Porque a salvación é carísima, cariño. Todo isto vaiche custar.

MARTIÑA: Algún día todos teremos que pagar.

ANXÉLICA: Si, pero é mellor pagar tendo diñeiro no banco, querida.

MARTIÑA: O diñeiro non compra a felicidade.

ANGÉLICA: Cómpraa. Claro que a compra. E case sempre nas rebaixas. Moi ben. Entendo. Vasme involucrar. Vas aos tribunais, ben, en publicidade, estás morta. Sábelo?

MARTIÑA: Impórtame máis o meu carácter que a miña profesión.

ANXÉLICA: Si, pero ninguén fala de ti porque teñas carácter. Quizais te sintas moi ben contigo mesma presumindo que tes liña directa con San Pedro, pero esqueceo, cando esteas no cárcere, cando esteas na rúa, unha gordecha na rúa, un horripilante espantallo, unha dinosauro fazuleira con problemas de tiroides coma ti buscando traballo e cando todas as portas chas estampen no nariz, entón vas saber o que é o carácter.

MARTIÑA: O carácter é facer o ben.

ANXÉLICA: Ninguén quere saber nada dos que fixeron o ben e fracasaron. Esqueceo. Neste mundo hai 6.000 millóns “de ninguén” con principios e se desaparecen, non se notarían.

MARTIÑA: Iso cres? De verdade?

ANXÉLICA: Querida, é que o mal chama máis a atención que o ben. É algo mental. As cousas boas non son interesantes. As únicas cousas boas que valen a pena son o sexo e o poder e sabes por que? Porque cando son bos son moi bos, pero cando son malos entón son mellores.

MARTIÑA: Prefiro fracasar pero estar orgullosa e en paz comigo mesma.

ANXÉLICA: Vereite dando clases nalgũa universidade, meu Deus, que humillación, un publicista dando clases e gañando o meso que calquera profesor común e corrente. Que noxo. Pónseme a pel de galiña.

MARTIÑA: Algún día descubrirás que o poder e o diñeiro non o son todo.

ANXÉLICA: Respecto ao teu soño erótico con Deus, ben, déixame dicirte que a vida non é como no cine, querida. Que Deus te bendiga, lurpia.

MARTIÑA: Se ves a Valentina dille que a perdoo.

ANXÉLICA: (ESTALA) QUE FILLA DE PUTA! QUE MARICA TE VOLVICHES!

‘Perdóoa’... Pero quen coño te cres, gorda de merda, a nai de Deus? Non me veñas con esa ladaíña para presos e suicidas. Adeus e afúndete no Paraíso, se iso te fai feliz. Non quero verte nunca máis.

(ANXÉLICA VAI SAÍR. DE SÚPETO, DETENSE)

ANXÉLICA: Por certo, algunhas desas cousas que dixeches...

MARTIÑA: Afectáronte?

ANXÉLICA: Non, pero penso que se pode facer un bo anuncio con todo ese lixo. Vou utilizar algunhas das túas palabras, sobre todo o de Deus, o carácter, a eternidade e esa merda. Funcionaría divino para un anuncio da nova camioneta Ford, gordecha.

(SAE. PAUSA. MARTIÑA QUEDA VENDENDO AO PÚBLICO)

MARTIÑA: Si, é verdade. É unha boa idea. Pero mellor coas camionetas xaponesas, verdade?

4.

Ex-oficina de Anxélica

ANXÉLICA: Hoxe hai exactamente dous anos desa tarde, cando ela gañaba na boleira. Dous anos dende que Martiña elixira o seu camiño, “entre o ben e o mal”. Ah, o seu camiño cara a Deus. Citou a Deus. Verdade que o citou? Verdade que non son cousas miñas?

(APARECE ELVIRA SENTADA)

Pregúntoo porque moitos pensan que eu inventei toda esa escena na boleira e que Martiña, aí onde a viron todos vostedes, non dixo Deus, Eternidade ou espacio sideral senón que máis ben invocou ao Demo, o inmediato e en particular, ao Inferno.

(ENTRA MARTIÑA EXECUTIVA)

Porque despois de falar con Deus ou quen sexa que se fixo pasar por el, Martiña elixiu. E elixiu ben. Porque preferiu a traizón, o xogo sucio, a competencia desleal, a eliminación do contrario, o plaxio, o engano, a extorsión, a corrupción, o pago de comisións e ata a vinganza. Sutil, pero vinganza...

MARTIÑA: Anxélica, tes listos os informes dos novos creativos?

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Porque agora son a súa asistente.

MARTIÑA: Quero ver que ideas hai. Telos ou non, tarada?

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Ela manexa agora a miña excompañía.

MARTIÑA: Vamos, move ese cu!

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) E ten unha linguaxe...! Cousas de Deus, que non fai outra cousa senón premiar sempre ao máis forte. (BUSCA PAPEIS)... Xa vou, xa chos entrego.

MARTIÑA: Non me trates de ti que nós non durmimos xuntas. Onde coño están as

gravacións dos empregados?

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Ouviron iso? Ordenou gravar as conversas telefónicas de todos os empregados na Axencia. Eu era mala, é verdade, pero nunca gravei as conversas da miña xente. Nunca. Nin sequera se me ocorreu. En que estaba pensando?

MARTIÑA: E Valentina? Onde está esa imbécil?

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Quizais non a deixen entrar no ceo ou na eternidade pero, aquí entre nós, onde pode estar o mal, se non é na máis absoluta e interminable eternidade. Eh?

MARTIÑA: (BERRA E LANZA UNHA MÁQUINA DE ESCRIBIR) Valentina, o story board xa!

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Viron? O poder dá carácter.

(SOAN TELÉFONOS. ENTRA VALENTINA, ACABADA. TRAE PAPEIS. PERDEU TODO O ENCANTO)

MARTIÑA: Onde estabas estúpida? Que pasou co Story Board?

VALENTINA: Presentámosllo ao cliente e pasou.

ANXÉLICA: Nin sequera viu o que lle ensinamos.

VALENTINA: Debuxos difíciles, todo en bosquejo, moi técnico, como ordenaches.

ANXÉLICA: Ata lle gustou.

MARTIÑA: O mesmo da TV francesa?

ANXÉLICA: Igualiño.

VALENTINA: Ninguén se vai decatar. Foi un anuncio realizado pola TV rexional e estivo no ar só dous meses.

MARTIÑA: Moi ben. Asínoa Valentina. E gañas o Cleo deste ano.

VALENTINA: Grazas.

MARTIÑA: Non hai de que. Non esquezas a túa videocámara e un Vodka tónica..

(RISAS OBRIGADAS)

Quen factura?

ANXÉLICA: A outra empresa.

MARTIÑA: Que máis temos pendente?

VALENTINA: Nada máis. Eh... Fóra está agardando Elvira.

MARTIÑA: Elvira?

VALENTINA: Elvira.

MARTIÑA: Non me lembro...

ANXÉLICA: Non a recordas?

MARTIÑA: De onde? Dime...

VALENTINA: A túa amiga, a avogada, astróloga e iso.

MARTIÑA: Ah. ESA Elvira. Non a vexo dende hai.. canto?... Cinco anos.

ANXÉLICA: Dous?

MARTIÑA: Só dous?

ANXÉLICA: Dende que fixeches a serie de anuncios de Deus e os Honda.

VALENTINA: (LENDO) “O máis importante, o de máis éxito na historia da Publicidade moderna.”

ANXÉLICA: Só dous anos, parecen séculos. E como está Elvira?

VALENTINA: Está un pouco gorda.

MARTIÑA: Ben, que é o que quere?

ANXÉLICA: Falar contigo.

MARTIÑA: Para que?

ANXÉLICA: Quere pedirche traballo.

MARTIÑA: Traballo? Pero se esa parva non fai máis que pensar na astroloxía e a eternidade.

ANXÉLICA: Moito talento, pouca garra.

MARTIÑA: (A ANXÉLICA) Aténdea ti. Non teño tempo...

ANXÉLICA: Está agardándote dende a mañá.

MARTIÑA: Saio por detrás.

ANXÉLICA: Vale. Dime, que lle digo?

MARTIÑA: Dislle o de sempre: “Cariño, tanto tempo, pero estás igualiña.” E entón, cando Valentina faga un sinal, reunión urxente.

ANXÉLICA: Moi ben.

MARTIÑA: (SAÍNDO) Vémonos na boleira, rapazas. Quero volver a vovos perder.

ANXÉLICA: Martiña?

MARTIÑA: Si?

ANXÉLICA: Só quería dicirche que te pos moi guapa cando es mala.

MARTIÑA: Grazas, pelota.

(MARTIÑA SAE)

VALENTINA: (A ELVIRA) Pasa...

ELVIRA: Anxélica?

ANXÉLICA: Cariño, tanto tempo. Pero estás igualiña.

ELVIRA: Podería falar con Martiña?

ANXÉLICA: Está nunha reunión importante.

VALENTINA: Podes falar connosco.

ELVIRA: Ben, é que Martiña é tan amiga miña que seguramente se ti lle dixeses que estou aquí...

ANXÉLICA: Ela sabe que estás aquí.

ELVIRA: Non, non o sabe. Porque me recibiría. Estanllo ocultando...

(ANXÉLICA FAILLE A SEÑA)

VALENTINA: Reunión de emerxencia, Anxélica. Vamos...

(DE SÚPETO SOA O TELÉFONO)

VALENTINA: Si, Martiña? Si, Martiña. Si, Martiña. Si, Martiña. Vale, Martiña. (A ANXÉLICA) Era Martiña. (A ELVIRA) Di que o pensou mellor e que o único que che pode ofrecer e ser testafarro nunha compañía fantasma para enganar a clientes similares, evadir impostos, e quebrar fraudulentamente en dous anos..

ELVIRA: Que se eu?

VALENTINA: É o que che pode ofrecer.

ELVIRA: Pero iso é ilegal

VALENTINA: Non me infernalices. Si ou non?

ELVIRA: Que si, dille que si, que si...

VALENTINA: Vale.

ANXÉLICA: (AO PÚBLICO) Por suposto, Amelia Earhart non completou a súa viaxe arredor do mundo. No Pacífico, tratou de localizar unha illa onde aterrar e non o puido facer. Din que estaba tan bébeda, que non puido vela. Amelia buscaba desesperadamente a eternidade porque ela estaba fóra deste mundo. E penso eu, que, despois de todo, se estaba borracha ou non, importa pouco porque non hai que tomar moito alcohol para perderse no océano máis grande do mundo, tratando de conseguir unha illa diminuta. Eu, francamente, admíroas ás dúas. E ata estou tratando de falar con Deus, como sexa, para ver se queda outra pasaxe para a eternidade. Aínda que sexa de segunda clase, ou de polisón, e voume ao espacio eu tamén.

AMELIA: (EN OFF, CON INTERRUPCIÓNS) ...voamos cara ao norte e cara ao sur...voamos cara ao norte e cara ao sur...

APARECE A PROPAGANDA DO SAPO, SEN SON NINGÚN.

ESCURO.